



As universidades galegas participan no deseño dunha aplicación para comprobar a veracidade dos políticos en debates

Trátase dunha colaboración con outras universidades de España.

Por Europa Press / Redacción | A Coruña | 21/01/2022 | Actualizada ás 18:42

Investigadores das universidades da Coruña, de Vigo e de Santiago de Compostela participan, xunto a outras universidades españolas, nun proxecto de deseño dunha **aplicación que comprobe automaticamente se os políticos din a verdade nun debate.**



O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, durante o debate do Estado da Autonomía de Galicia, no Parlamento galego, a 13 de outubro de 2021, en Santiago de Compostela | [Fonte: Álvaro Ballesteros - Europa Press](#).

Segundo informa o reitorado coruñés, o proxecto, DEBATrue, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, está coordinado pola UVigo e conta coa **colaboración de 20 investigadores e investigadoras de seis universidades**.

Esta iniciativa está dirixida "a contribuír á **loita contra a desinformación** a través da identificación de datos falsos que poidan desvirtuar a calidade democrática e alterar o normal desenvolvemento do proceso electoral".

O obxectivo é deseñar unha aplicación web que permita automatizar o proceso de detección de informacións falsas e, en concreto, verificar se as afirmacións realizadas polos políticos e políticas participantes nun debate electoral son certas ou non.